

## SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



## O QUE E O PORQUÉ

Recomendacións de manexo para optimizar a plantación de *Solanun Sisymbriifolium*

Estudouse a implantación do cultivo de *Solanun sisymbriifolium* na Limia (Galicia) en función de dous parámetros principais, a data de plantación e a profundidade, xunto a dous parámetros auxiliares, a compactación do terreo e a rega. Para a plantación utilizouse unha dose de 20 kg/ha de sementes e tres profundidades: 5 cm, 10 cm e 15 cm. As dúas datas de sementa foron o 4 e 28 de xuño. A superficie plantada de cada un dos parámetros principais dividiuse para someter a unha metade á compactación do terreo mediante o pase dun rodete metálico e a aplicación de rega. En ambas as datas de plantación, a humidade do chan foi dun 20 % ata a terceira profundidade de plantación. Os mellores resultados obtivéronse cunha profundidade media de 10 cm mentres que a plantación superficial non ofrece neste tipo de chans un resultado aceptable. Ademais, a maioría das sementes plantadas na primeira data de plantación mostraron

un desenvolvemento vexetativo débil e non puideron alcanzar un desenvolvemento óptimo. O uso dun rodete compactador favorece a nacemento e o desenvolvemento das plantas. En canto aos requirimentos térmicos, ata que as temperaturas máximas non se consolidan por encima dos 25°C non se produce un crecemento adecuado das plantas. A práctica da rega parece non influír nin na nacemento nin no crecemento de plántas pero para a súa xerminación é necesaria unha correcta humidade do chan. En chans fértiles e ricos en materia orgánica a planta vese favorecida pero é necesario establecer un protocolo de control das malas herbas, en especial *Chenopodium*. A aparición doutro tipo de plantas tradicionalmente non desexadas como *Solanum nigrum* non presentaría problemas xa que ditas plantas realizarían un papel semellante a *Solanum sisymbriifolium*.



1. Plantas de *Solanum sisymbriifolium*.



2. Labor de compactación durante a sementeira.

## PALABRAS CHAVE

*Solanum tuberosum*, planta trampa, data de plantación, profundidade, compactación do chan, rega.

## AUTORES

**Laura Meno Fariñas**, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**David Fernández Calviño**, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**Servando Álvarez Pousa**, Inorde, Ourense, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.